

AS VIAXES DE COLÓN

CURSOS: 4º,5º,6º

MATERIAS: Plástica, Ciencias Sociais

MATERIAL: cinta adhesiva negra, pinturas, rotuladores, papel continuo

Compoñentes do Mboot:

O mBoot montado co segueliñas no porto1, módulo sensor ultrasóns colocado no porto 4 e a matriz led conectada no porto 3

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE

Na materia de Ciencias Sociais o alumnado fai un traballo de investigación sobre a primeira viaxe de Colón. De onde saíu, a onde chegou, que produtos importamos de América.

En papel continuo trazamos o mapa con España, parte de América e o océano Atlántico.

Marcamos con cinta adhesiva negra marcamos o camiño dende o porto de Palos ata San Salvador.

Elaboramos etiquetas con imaxes dos produtos.

Montamos o mBot con todos os compoñentes.

Propomos o reto ó alumnado.

Queremos que o mBot siga o camiño trazado coa cinta adhesiva, cando chegue a San Salvador párase, espera 5 segundos (nesa espera na matriz led aparecerá a data 12-9-1492 e subimos a bordo os produtos), da a volta e volve para Huelva.

Podemos ver un vídeo co resultado neste enderezo <https://youtu.be/4OncnPeOSEg>

PROPOSTAS DE MELLORA

Intentar que o robot utilizando brazo articulado suba el solo as mercancías a bordo.

Tunear o robot para que pareza unha auténtica caravela.

Que na matriz led apareza o nome das tres caravelas

